

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LALÍN E A ESCUDERÍA LALÍN-DEZA PARA A CELEBRACIÓN DO XXVº RALLY DO COCIDO

Lalín, a 24 de novembro de 2021

REUNIDOS

Por unha banda, o Concello de Lalín, con CIF P3602400H, actuando no seu nome e representación o Alcalde de Lalín, D. José Crespo Iglesias, con NIF 33841334P, ao abeiro das competencias que ten atribuídas segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Pola outra, D. Antonio Rodríguez Troitiño, con NIF 35314960R, en calidade de Presidente da Escudería Lalín-Deza, con CIF G-36266443, ao abeiro das facultades que, para vincularse neste acto, ten conferidas.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que os días 15 e 16 de outubro de 2021 celebrouse a XXVª Edición do Rally do Cocido, proba do Campionato de España de Rallies de Asfalto.

Segundo.- Que o Concello de Lalín, segundo se sinala no artigo 25.2.I) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, ten, entre outras, asinada a competencia da promoción do deporte.

Atendendo ao interese da actividade que é obxecto do presente Convenio de Colaboración, no Orzamento municipal para o exercicio 2021 dotouse a partida 2021.0.341.48912.01 cunha subvención nominativa á Escudería Lalín-Deza, para a celebración do Rally do Cocido por importe de **16.000,00 euros**.

A tal fin, as partes asinan o presente Convenio de Colaboración segundo as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto.

O obxecto do presente Convenio é regular as bases de colaboración entre o Concello de Lalín e a Escudería Lalín-Deza para a celebración do XXVº Rally do Cocido, xa celebrado os días 15 e 16 de outubro de 2021.

SEGUNDA. Normativa aplicable.

Son de aplicación as obrigas xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións. En particular, son de aplicación as normas que a continuación se relacionan e demais normas concordantes:

– Artigo 25.2.I) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que dispón que o municipio exercerá competencias nas seguintes materias: «promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre».

- Lei 3/2002, de 2 de abril, de deporte de Galicia: en particular a Sección 1ª, «competicións e eventos deportivos», do Capítulo II, «actividade deportiva», do Título III (artigos 17 a 23 e demais normas concordantes).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Bases 31 e 33 das Bases de Execución do Orzamento do Concello de Lalín para o exercicio 2021.

TERCEIRA. Obrigas da Escudería Lalín-Deza.

Son obrigas da Escudería Lalín-Deza:

- A organización e o desenvolvemento do XXVº Rally do Cocido, e atender e resolver calquera reclamación que se presente como consecuencia da celebración do mesmo, quedando o Concello de Lalín exento de calquera responsabilidade neste senso, debendo acreditar a contratación dun seguro de responsabilidade civil e un plan de seguridade tramitados con data anterior á celebración do evento.
- Indicar en toda a documentación, anuncios, folletos e publicidade nos medios de comunicación que se vaian a utilizar que o Concello de Lalín participa no financiamento de dita actividade.
- Empregar a totalidade da subvención na actividade XXVº Rally do Cocido.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención do Concello de Lalín, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da axuda obxecto do presente Convenio.
- A Escudería Lalín-Deza comprométese a cumprir a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- A Escudería Lalín-Deza deberá cubrir a súa responsabilidade civil no desenvolvemento da proba coa formalización do correspondente seguro.

CUARTA. Obrigas do Concello de Lalín.

O Concello de Lalín comprométese a achegar para a execución do presente Convenio a cantidade de 16.000,00 euros.

Este Convenio ten unha natureza puramente de colaboración e dinamización do evento deportivo, entendendo que a cantidade á que o Concello de Lalín se podería comprometer con 16.000,00 euros é para cubrir gastos correntes esenciais das actuacións a desenvolver no marco deste Convenio, polo que non se pode referir a este Convenio ningunha natureza laboral, mercantil, civil ou de calquera outra clase xurídica. A subscrición do presente Convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste Convenio co Concello de Lalín, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir ao Concello responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

QUINTA. Gastos subvencionables.

Considéranse gastos subvencionables aqueles gastos correntes que de maneira indubidada respondan á natureza da actividade subvencionada. En ningún caso se admitirán gastos que superen nun 40% do importe da subvención concedida en gastos de manutención e aloxamento. Os gastos, a modo de exemplo poden incluír: cartelería do evento, seguros, pago de arbitrxes ou xuíces de competición, gastos de combustibles, servizos sanitarios (ambulancias, persoal sanitario), alugueiro de equipos necesarios (v.gr.: grupos electrógenos, carpas), etc.

Os gastos de manutención e aloxamento serán subvencionables se teñen unha relación inmediata e directa coa actividade subvencionada e fosen imprescindibles para a organización da actividade subvencionada. A contía do gasto subvencionable polos conceptos de aloxamento e manutención tomará como referencia os importes previstos no RD 462/2002, de 24 de maio, no seu Anexo II para o Grupo 2º. Neste caso, deberán xustificarse os beneficiarios deste gastos de aloxamento e manutención e a súa relación imprescindible coa organización do Rally.

O gasto en concepto de combustibles será subvencionable en relación cos vehículos necesarios para a organización da actividade, polo que as facturas será imprescindible identificar a matrícula do vehículo, Na mesma memoria xustificativa indicarse se o gasto de combustible era imprescindible para a realización da actividade subvencionada e os vehículos nos que se fixo o gasto de combustible subvencionado.

O importe subvencionado polo Concello de Lalín liberarase unha vez presentada a correspondente xustificación por parte da Escudería Lalín-Deza, aprobada a conta xustificativa, e logo da presentación de certificacións acreditativas de que a Escudería se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Lalín.

A contía subvencionable ascende a 16.000,00 euros. Este importe é fixo e xustificarase cos gastos totais da actividade subvencionada por importe igual ou superior á contía da subvención. No caso de que os gastos xustificados pola actividade fosen inferiores á contía da subvención, reducirase esta na mesma contía. En ningún caso se admitirá o sobrefinanciamento do gasto con outras subvencións.

SEXTA. Xustificación.

Antes do 30 de novembro do 2021 a Escudería Lalín-Deza deberá presentar a seguinte documentación xustificativa:

1. Unha memoria onde figure o programa que se desenvolveu. A memoria conterá unha relación das actividades feitas e unha relación clasificada dos gastos por cada actividade feita, con identificación do acredor e do documento xustificativo, o seu importe, a data de emisión da factura, e a data de pagamento, de acordo co artigo 75 do RD 887/2006 do Regulamento da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións (LXS), e o orzamento detallado de ingresos e gastos das actividades subvencionadas.
2. Conta xustificativa dos gastos na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio

no ámbito mercantil e administrativo ou con eficacia administrativa polo importe total, como máximo, do gasto subvencionable, ao abeiro do establecido no artigo 30.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento. Na conta xustificativa debe relacionarse o nome e CIF/DNI do proveedor, número de factura, data de emisión, concepto, importe da factura, data de pagamento e importe imputado á xustificación da axuda.

As facturas deberán cumprir cos seguintes requisitos:

a) Deberán ser orixinais, expedidas pola empresa subministradora dos bens ou servizos. Admitiranse copias compulsadas polo propio Concello. Non obstante, antes de realizar as fotocopias e compulsa das mesmas, estamparase nos xustificantes orixinais un selo coa seguinte lenda: «En cumprimento da Lei 38/03 esta factura foi utilizada como xustificante do gasto para a obtención da subvención en concepto de colaboración coa Escudería Lalín-Deza no ano 2021».

b) Asumirase o compromiso de aportar os orixinais no momento que lle sexan requiridos.

c) A factura deberá vir especificada en moeda local e recoller a data de emisión da factura.

d) Deberá constar na factura unha explicación do gasto. Se a criterio do Concello o xustificante non é o suficientemente claro neste aspecto, deberá vir acompañado de nota explicativa da que se deduxa unha clara relación do gasto coa actividade subvencionada.

e) Reflectirá os datos identificativos do expedidor (nome, apelidos, denominación ou razón social, NIF e domicilio).

f) Reflectirá os datos identificativos do destinatario que deberá ser a entidade subvencionada (nome, apelidos, denominación ou razón social, NIF e domicilio).

g) Incluirá unha descrición detallada e prezo unitario da operación e a súa contraprestación total, importe pagado e moeda. Deberá reflectirse o IVE correspondente ou imposto equivalente para o seu caso, que estea en vigor no país de emisión da factura. Cando a cota se repercute dentro do prezo deberá indicarse «IVE incluído».

h) Xustificantes de pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil utilizados para a xustificación. Só se admitirán os pagos realizados mediante transferencia bancaria, polo que as facturas deberán acompañarse do correspondente xustificante de dita transferencia. No caso de pagos por importe igual ou inferior a 200 euros admitirase o pago en metálico ou cheque sempre e cando se faga constar na factura o selo do proveedor, a dilixencia de factura pagada e o nome, DNI e sinatura da persoa que dilixencie o cobro da mesma e ademais, no caso do pagamento por cheque, extracto bancario e copia da matriz do talón. No caso de pagos en metálico, correspóndelle ao Concello comprobar a xustificación dese medio de pago que farase constar en informe xustificativo no que se acredite que o pago mediante transferencia ou cheque suporía unha carga desproporcionada para o beneficiario tendo en conta a finalidade da subvención e a natureza do gasto. Atenderase para facer ese informe de forma prioritaria á contía do pago. De non




xustificarse ese pago en metálico, se entenderá non xustificada esa contía do gasto.

i) No caso de que se teñan realizado pagos que supoñan retención do IRPF deberán presentar o correspondente modelo xustificativo de ter realizado o ingreso de dita retención na Axencia Tributaria.

3. Declaración xurada sobre a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración pública ou de particulares ou de entidades privadas tanto aprobadas como pendentes de resolución.

4. Designación da conta bancaria na que se efectuarán os ingresos, segundo as normas establecidas pola Tesourería Municipal.

5. No caso de que a subvención se destine a financiar unha subministración ou servizo de máis de 15.000,00 € sen IVE teranse que achegar tres orzamentos, agás as excepcións do artigo 31.3 da LXS (non será preciso solicitar tres orzamentos si para o gasto, polas súas especiais características, «non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención»).

6. Certificación de que o beneficiario se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, no caso de que non puidera obter estes certificados o Concello e o prazo de validez dos xa presentados xa rematara, conforme co estipulado no apartado e) do artigo 14 da lei 38/2003 de 17 de novembro.

7. Declaración xurada expedida polo Presidente relativo ao desenvolvemento das actividades polo que se acredite que a subvención foi destinada á finalidade para a que foi concedida.

8. Orzamento detallado de ingresos e gastos da actividade.

10. Mostras da publicidade (carteis, anuncios, folletos) nas que figure que o Concello de Lalín participa no financiamento de dita actividade.

O gasto xustificado documentalmente deberá acadar, como mínimo, o importe ao que ascende á subvención nominativa de acordo co disposto na cláusula quinta. De non xustificarse o total do importe concedido, o Concello de Lalín minorará a súa achega proporcionalmente.

SÉTIMA. Reintegro.

Son causas de reintegro da subvención, xunto cos intereses de demora correspondentes dende o momento do seu pago, a non presentación en prazo da documentación prevista na cláusula sexta deste Convenio ademais das establecidas no Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A Escudería Lalín-Deza quedará sometida ás responsabilidades e réxime sancionador establecidos na Lei Xeral de Subvencións e na Lei Xeral Orzamentaria.

Para os supostos non previstos neste Convenio serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de Execución do Presuposto do Concello de Lalín para o exercicio 2021,

na Lei 38/2004, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no seu Regulamento e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

OITAVA. Xurisdición competente.

As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente Convenio, e non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola Xurisdición Contencioso-Administrativa.

NOVENA. Resolución.

O presente Convenio resolverase por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

DÉCIMA. Comisión de seguimento, control e interpretación.

Co fin de asegurar un adecuado control e seguimento do obxecto, actuacións, contido e execución do presente Convenio, poderá constituírse unha comisión de seguimento con funcións para a interpretación e coordinación das obrigas e dereitos derivados da subscripción do mesmo, previo informe favorable da Intervención municipal. Dita comisión estará integrada por representantes das partes asinantes.

UNDÉCIMA. Vixencia.

O período máximo de vixencia do presente Convenio será dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Lido polas partes e como proba de conformidade co expresado no presente Convenio, asinado e rubricado por triplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica ao comenzo.

Polo Concello de Lalín

O Alcalde
D. José Crespo Iglesias



Pola Escudería Lalín-Deza

O Presidente
D. Antonio Rodríguez Troitíño

